

INFORME DE AUTOEVALUACIÓN PARA A RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN

1.- DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	GRADUADO/A EN TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN
MENCIÓNS/ESPECIALIDADES	
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVAMENTE	UNIVERSIDADE DE VIGO
EN CASO DE TÍTULOS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	
CENTRO RESPONSABLE	FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCCIÓN
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE	FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCCIÓN
RAMA DE COÑECEMENTO	ARTES E HUMANIDADES
NÚMERO DE CRÉDITOS	240
PROFESIÓN REGULADA	
MODALIDADE DE IMPARTICIÓN	PRESENCIAL Y SEMIPRESENCIAL
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2009-2010
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	1 de xuño de 2009
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	

RESULTADO DO PROCESO DE AUTOAVALIACIÓN	<input type="checkbox"/> A Supérase excelentemente <input type="checkbox"/> B Acádase	<input type="checkbox"/> C Acádase parcialmente <input type="checkbox"/> D Non se acada
---	---	---

DATA:

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

O programa formativo atópase actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Practicamente a totalidade do plan de estudos desenvolveuse segundo a memoria verificada (evidencias E1, E2, E3), sen incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias polos estudantes (como demostran as taxas de éxito (90,51%), de eficiencia (92,83%) e de graduación (84,96%) cun abandono mínimo (8,63%) > indicador I12, evidencia E28).

1.1.- O título mantén o interese académico e atópase actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

O perfil formativo do título mantén a súa relevancia nun mundo cada vez máis globalizado e con necesidades crecentes de comunicación e entendemento entre os países. As materias (guías docentes en evidencia E4) combinan a formación lingüística coa formación traditolóxica e cultural, tal como recomenda o *Libro Blanco del título de grado en Traducción e Interpretación* (http://www.aneca.es/var/media/150288/libroblanco_traduc_def.pdf). A profesión segue estando sen regular (coa excepción do tradutor/intérprete xurado) e o feito de que continúe sen existir un Colexio profesional de tradutores e intérpretes pode levar a situacións de indefensión do tradutor e desprestixio da profesión.

A vitalidade do título queda tamén demostrada polo elevado número de alumnado matriculado (558 no curso 2014/15 > indicador I1). Outro dato na mesma dirección atopámolo no número de prazas de novo ingreso (120), que se cubren tódolos anos e mesmo houbo que admitir algúns alumnos/as máis empatados na nota de corte (180 alumnos en total admitidos no curso 2014/15 > indicador I3). Os indicadores consultados (I8) tamén indican que hai máis demanda que oferta de prazas (72,6% no curso 2014/15), mesmo un pouco superior á do curso anterior (2013-14: 65,15%) e que os preinscritos en 1ª opción chegan a un 141,67% (porcentaxe lixeiramente inferior ao do curso anterior, 2013/14: 150%). A porcentaxe de matriculados que escolleron o grao en Tradución e Interpretación como primeira opción foi de 113,33%, lixeiramente superior á do curso anterior (110%).

O PAT

A orientación académica do alumnado recae, maiormente, nos titores do Plano de Acción Titorial (PAT) (evidencia E5), que reciben queixas, dúbidas ou inquedanzas do alumnado e as transmiten á Coordinación do Grao e ao Vicedecanato de Calidade. Dependendo da magnitude da cuestión, pódese solucionar directamente dende a Coordinación/Vicedecanato de Calidade (que tentará sempre tender pontes comunicativas entre alumnos e profesores) ou cómpre elevala á Comisión de Calidade do Centro e ao Decanato.

A descrición do programa, o manual para o curso vixente, e a lista de titoras/es e estudantes participantes está dispoñible na páxina web do centro, nunha sección específica na pestana "Información Académica" (<http://fft.webs.uvigo.es/presentacion>). Como se indica na súa descrición, o PAT "pretende contribuír ó desenvolvemento integral do estudantado universitario e recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración do alumnado na vida universitaria e atender a súas necesidades formativas e informativas". A valoración xeral que se fai dende a Comisión de Calidade é moi positiva, na medida en que permite detectar e solucionar problemas no desenvolvemento da docencia.

No curso 2014/15 actualizouse o Manual do Plan de Acción Titorial para o curso 2015/16, que foi aprobado na Comisión de Calidade en xullo de 2015. Os obxectivos das modificacións inclúen, entre outros ítems: instaurar reunións individuais combinadas coas grupais; facer fincapé na función orientadora das/os titoras/es; proporcionar normas de estilo para cubrir os informes e incluír no informe as accións de orientación levadas a cabo; organizar accións de formación para o estudantado coincidindo coa semana de traballo autónomo; elaborar un cronograma con datas parellas nos distintos graos do centro; incorporar un programa de mentorización para estudantes de primeiro curso de Linguas Estranxeiras.

A xulgar polos informes de seguimento que envían os titores/as, o alumnado valora positivamente o PAT como o

espazo axeitado para depositar as súas dúbidas, queixas, eliminar tensións co profesorado dalgunha materia, etc. sobre a titulación. Dada a dificultade de atopar ocios libres nos que coincida todo o alumnado dun titor/a, ademais das reunións presenciais marcadas ao longo do curso tamén se aceptan consultas online.

A orientación académica especialmente do alumnado de 4º recae na Coordinación do Grao, que realiza xuntanzas cos alumnos para explicar polo miúdo a organización e xestión dos TFG e das prácticas externas.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e permiten a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é axeitado ás actividades formativas e a Facultade fixo nestes últimos anos un esforzo importante de dotación de aulas informáticas, laboratorios de interpretación e accesibilidade (rampas de acceso a pavillóns e aulas, ascensor para facilitar o acceso de alumnado con cadeira de rodas aos despachos do profesorado) (evidencia E20).

MOBILIDADE:

No título recóllense varias competencias que esixen a mobilidade dos estudantes (ex: recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade ou comprensión doutras culturas e costumes). A taxa de mobilidade do alumnado de tradución continúa a ser unha das máis elevadas da Universidade de Vigo, con 78 alumnos en programas de mobilidade nacional (5 alumnos) e internacional (73 alumnos) > ver indicador I5). A nosa facultade mantén convenios de intercambio de estudantes con numerosas universidades nacionais e estranxeiras. No curso 2011-2012 houbo 56 alumnos Erasmus propios da Universidade de Vigo implicados en programas de mobilidade (52 Erasmus, 3 Sicúe e 1 de convenio específico); no curso 2012/13 case se duplicou o número de estudantes propios en programas de mobilidade (106 en total: 82 Erasmus, 21 Isep e 3 Sicúe). O descenso (lixeiro) da porcentaxe, que parece contradictorio, atopa explicación no aumento do número total de alumnado. No curso 2013/14 o número de estudantes do Grao en Tradución e Interpretación en programas de mobilidade foi de 92, o que supón un 17% sobre os matriculados (o lixeiro descenso no número de participantes puido deberse ao deterioro das economías familiares experimentado nestes últimos anos, que restrinxen as posibilidades de estadía no estranxeiro).

A Facultade de Filoloxía e Tradución continúa a ser un destino moi desexable para alumnos estranxeiros, cunha entrada de 176 alumnos no curso 2014/15 (datos de entrada á FFT, dado que o indicador I5 non fai o desglose por titulación).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias polos/as estudantes e, de ser o caso, establécense as accións de mellora oportunas.

A coordinación horizontal (entre profesorado dunha mesma materia) e vertical (entre o profesorado e as coordinadoras do grao) para garantir o cumprimento de obxectivos e competencias continúa realizándose. A figura de "coordinador de materia" implantada no curso 2010/11 mellorou tamén a coordinación. Con todo, continúan a rexistrarse determinadas actitudes de escasa cooperación nun pequeno fado de profesores/as. O espazo de teledocencia FAITIC (<http://faitic.uvigo.es/index.php/es/>) constitúe unha ferramenta vital para a comunicación continuada co alumnado, tanto por parte do profesorado nas materias que se lles asignan como por parte dos coordinadoras do grao (espazo de coordinación do grao, espazo do TFG e espazo das prácticas externas). Recollemos algunhas opinións dos alunos sobre a utilidade deste espazo (E31 E15).

COORDINACIÓN NAS PRÁCTICAS EXTERNAS:

A coordinadora de prácticas, os titores académicos e os titores nos destinos están coordinados dende o inicio do proceso (publicación da convocatoria) ata o final (cualificación en actas). Queremos deixar constancia da excesiva burocracia que implica a xestión de prácticas (8 documentos diferentes para cada estudante > E26), feito xa comunicado o curso pasado á Área de Emprego, responsable das mesmas. Na actualidade están finalizando a nova normativa de prácticas, co que cabe esperar que se simplifiquen os procedementos. A Área de Emprego (órgano xestor das prácticas) tamén nos comunicou que están acabando de poñer a punto unha plataforma de xestión de prácticas para toda a universidade que axudará a diminuír a excesiva atomización dos procedementos. Por exemplo,

no momento actual é difícil facer o seguimento de en que estado está o convenio de prácticas; tampouco é doado saber que convenios están asinados, cales faltan, cales necesitan revisión, etc. A Coordinación de prácticas tampouco ten información clara (listaxes de alumnos, etc.) dende outros organismos xestores de prácticas como a FUVI, Feuga, Erasmus+, etc. e ten que elaborar as súas propias listaxes a partir de que o alumnado acode á Coordinación para que lle asine documentos.

Porén, hai que traballar un pouco máis a coordinación entre titores académicos e titores en destino, especialmente no caso de prácticas realizadas en institucións e servizos da universidade de Vigo. O escaso interese dos destinos por ter máis contacto débese, probablemente, a que eles son "clientes finais" dos textos traducidos (contrariamente a prácticas realizadas en axencias de tradución ou con tradutores autónomos) e o seu obxectivo último e poder contar coas traducións xa rematadas. Con todo, cómpre sulñar que son moitos os destinos que nos fixeron chegar por escrito a súa satisfacción pola excelente colaboración. Outro indicador de satisfacción pode ser o constante incremento de destinos, pasando dos 12 destinos do primeiro curso no que se organizaron (2012/13) aos 89 destinos cos que temos convenio na actualidade (aínda que non todes activen as prácticas en tódolos cursos sucesivos).

En todo caso cómpre pór en valor as medidas adoptadas na facultade para mediar neste tipo de prácticas (as institucionais e en servizos internos da universidade) con escaso (ou nulo) control de calidade:

(a) Recurso a revisores nativos que corrixen as traducións e envían informes de erros, que se lles fan chegar aos alumnos (financiados mediante os programas PRACTICUM da universidade).

(b) Recurso a alumnado de programas de intercambio (Erasmus, ISEP...), que actúan como revisores das traducións.

Achegamos un informe completo sobre a xestión das prácticas no curso 2014/15 (evidencia E26) e unha listaxe cos destinos e prazas ofertados na convocatoria (evidencia E23). No informe sobre a xestión recóllese a organización dun Foro de prácticas no que se escoitaron as voces de distintos axentes implicados na súa coordinación e xestión que debateron sobre temas tan interesantes como: a cooperación entre as empresas proveedoras de servizos lingüísticos e o mundo académico, o proxecto europeo ELIA EXCHANGE de prácticas (European Graduate Placement Scheme), os problemas de xestión (control de calidade en prácticas institucionais, combinación de intereses da empresa e da universidade, remuneración (ou ausencia de ela) nas prácticas, problemática da tradución inversa, cando a práctica se volve traballo en precario encuberto...).

A coordinadora de prácticas prepara a convocatoria (publícase en decembro). Durante todo o ano cómpre unha procura continuada de novos destinos de prácticas, dado que os destinos cos que a universidade ten convenio poden continuar ou suspender a práctica temporalmente (evidencia E23). Tamén se encarga de: tramitar documentación (convenios), axuda para encher documentos ao alumnado, reunión co alumnado de cuarto para dar información xeral sobre as prácticas (tipos, expectativas, cronogramas de traballo...), avaliar os resultados das prácticas escoitando aos titores/as e xulgando o informe do alumnado (documento D6 > evidencia E26) para ver se hai necesidade de filtrar/eliminar algún destino con mala praxe (ex: no curso 2014/15 detectouse mala praxe na empresa Nartran Translations, tanto polo elevado número de horas que destinaba a alumnado de prácticas como, segundo referiron algúns alumnos, por propoñer tarefas non relacionadas co ámbito do grao), organizar eventos destinados a mellorar a xestión e organización das prácticas (ex: foro de prácticas celebrado en novembro 2014 na facultade), asistir a reunións sobre as prácticas organizadas pola vicerreitoría, etc. Tamén elabora un informe anual que presenta ao decanato e ao departamento (evidencia E26). Nas prácticas continuose traballando segundo instrucións da Área de Emprego (responsable das mesmas) que nos indicou que *non* fixeramos cambios na xestión posto que estaban creando unha plataforma de xestión centralizada para toda a universidade (previsiblemente activa para o curso 2015/16).

COORDINACIÓN DE TFG (MATERIA OBRIGATORIA DE 4º CURSO): a organización de TFG (adscripción de traballos, deseño de tribunais, organización de datas de presentación) faise dende a coordinación do grao co apoio do decanato do centro (este solicita ao departamento unha proposta de tribunais). No espazo de TFG de Fatic, no curso 2014-2015, ademais dos alumnos, incluíronse os titores e os tribunais e tódolos grupos de interese recibían a información pertinente a través deste medio e dunha forma inmediata. Coma tódolos anos, no curso 2014/15 fíxose unha reunión cos presidentes de tribunais para unificar criterios na sesión de presentación dos traballos. Tamén neste curso se estaba a elaborar unha modificación do "Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade" entre o

decanato e os coordinadores dos graos co gallo de solventar as pequenas eivas atopadas nesta materia. O borrador (prácticamente rematado) quería presentarse á Comisión de Calidade da FFT, pero non puido ser debido ao cambio no equipo decanal do centro.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os/as estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso axeitado para iniciar os estudos.

As vías e requisitos de acceso ao título e tamén o perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil consulta na memoria do título e na páxina web da Facultade. Pártese dun perfil maioritario de ingreso de alumnado de bacharelato; a maior parte (arredor do 85%) provén do Bacharelato en Humanidades e Ciencias Sociais (indicador I8a).

Espérase que o alumnado teña especial inquietude polas linguas e culturas e curiosidade polos acontecementos sociopolíticos e económico-empresariais dun mundo cada vez máis global. Tamén deberán ter capacidades básicas ben sedimentadas de comprensión escrita e lectora así como habilidades de comunicación social e integración en grupo de traballo.

Existen tamén mecanismos axeitados e accesibles de información previa a matriculación e procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso e tamén para os estudantes unha vez matriculados (programas PAT de atención tutorial > véxase apartado 5.1 deste informe).

As condicións de matriculación e programa formativo do título está accesible na páxina web da universidade (www.uvigo.es/uvigo_gl/estudos/) e na páxina web da Facultade (<http://webs.uvigo.es/fft/>). O título axéitase, no que atinxe a requisitos de acceso e admisión, ó establecido no RD 861/2010. O sistema de transferencia e recoñecemento de créditos está accesible na memoria (http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com_content&task=view&id=1495&Itemid=572). A admisión de estudantes da Universidade de Vigo réxese por normativa propia aprobada en Consello de Goberno dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral. Esta normativa é satisfactoria. Tamén resulta satisfactorio o feito de cubrir anualmente todas as prazas de novo ingreso (120) e aínda admitir algúns alumnos/as a máis empatados na nota de corte (180 alumnos en total admitidos no curso 2014/15 > indicador I3).

A procedencia do alumnado é principalmente galega, sendo a FFT o centro de referencia no SUG para esta titulación, aínda que tamén se rexistra alumnado doutras CC.AA como Asturias, Castela e León ou mesmo Andalucía (indicador I8c).

Durante o curso 2011-12 implantouse por primeira vez no centro un "Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo". O plano, revisado e aprobado para cada curso, está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como tamén de mestrados. Os obxectivos principais do plano para os graos son:

1. Proporcionar información ao alumnado sobre as titulacións que se imparten no centro.
2. Mostrarlles aos futuros estudantes as actividades e instalacións do centro (visitas guiadas na propia facultade para alumnos de institutos e desprazamento de profesorado do centro a algúns institutos para falar das titulacións; na actualidade o SIOPE está a gravar pequenos vídeos nos que participan os Coordinadores dos graos e alumnos para enviar aos institutos).

Por outra banda, este plano de promoción complementábase coas xornadas de benvinda ao inicio de curso (tanto para graos como para mestrados) nas que se presenta o equipo decanal, os coordinadores de grao, a páxina web da facultade, o programa PAT de atención tutorial e as instalacións e servizos como a Unidade de Igualdade, o Servizo de Deportes, a Oficina de Relacións Internacionais, etc.

Cómpre, porén, engadir que non se levaron a cabo tres propostas previstas no plano de melloras do curso pasado no que respectaba á captación de alumnado: o concurso de tradución de manga, o concurso de redacción para alumnado

de bacharelato e a participación en feiras internacionais. As causas no caso das dúas primeiras propostas hai que buscalas no aumento continuado nas tarefas que deben asumir estes últimos anos os equipos de dirección dos centros e as coordinacións das titulacións e nos recoñecementos docentes minguentes ano tras ano. A non participación en feiras de estudantes con proxección internacional deriva en parte da mesma causa que acabamos de apuntar e tamén da inexistencia dunha política piramidal sistemática (dende a reitoría aos centros) de promoción das titulacións da universidade no exterior.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia tocante aos resultados do título.

A aplicación das diferentes normativas (de permanencia, de traballos fin de grao, de prácticas externas...) (evidencia E9) desenvólvese segundo o establecido nelas. A normativa interna de traballos de fin de grao dá instrucións relativas á redacción, ao reparto das porcentaxes de cualificación, ao enfoque que deben ter os traballos, etc. Por outra banda, tanto o regulamento xeral de prácticas académicas externas da universidade (aprobado en Consello de Goberno do 24 de maio de 2012, documento: BOE-A-2011-19362_practicas) como a normativa interna de prácticas da facultade (regulamento PAE) son os documentos marco de xestión das prácticas e permiten un desenvolvemento adecuado das mesmas, se atendemos aos resultados académicos do alumnado (con notas de notable/sobresaliente na súa inmensa maioría).

A aplicación das distintas normativas vixentes no regulamento do centro e da titulación sucedeuse sen incidencias durante o curso analizado, 2014/15.

A páxina web do Centro (<http://fft.webs.uvigo.es/>) inclúe unha pestana específica sobre regulamentos e comisións; por exemplo, o regulamento de uso de instalacións, o regulamento da materia *Traballo de Fin de Grao*, o regulamento de Teses de Licenciatura, e o regulamento de horarios. O alumnado ten acceso a información sobre outras normativas vixentes na páxina web da Vicerreitoría de Estudantes (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/normativa/); por exemplo, a normativa de permanencia e progreso, a instrución sobre cambios de centro en titulacións co mesmo plan de estudos na Universidade, ou a instrución para a avaliación por compensación.

No que atinxe ao regulamento de horarios, no curso 2014/15 aprobouse (maio 2015) unha nova normativa para atender dun xeito máis satisfactorio as novas titulacións, unha vez extinguidas as licenciaturas.

O regulamento vixente na Facultade de Filoloxía e Tradución para a materia Traballo de Fin de Grao foi aprobado en maio de 2012 (curso 2012/13). Durante o curso 2014/15 a Vicerreitoría de Estudantes modificou varios ítems no regulamento da Universidade (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/normativa/). En consecuencia, a Vicedecana de Calidade do noso centro comezou a preparar un novo regulamento interno para a FFT en colaboración coas coordinadoras de titulación. Tras varias xuntanzas, presentamos un borrador do novo regulamento na Comisión de Calidade celebrada en xullo de 2015, se ben non houbo tempo de presentalo na Xunta de Centro e quedou pendente de aprobación durante o curso 2015/16.

Co fin de clarificar o funcionamento da materia TFG a nivel interno no Grao de Linguas Estranxeiras, alén do regulamento da materia no centro e da guía docente publicada, a coordinadora da titulación preparou documentos informativos para o alumnado e para o profesorado, que estiveron dispoñibles na plataforma FAITIC durante o curso 2014/15. A coordinadora tamén mantivo reunións informativas co alumnado e co profesorado no segundo cuadrimestre, con resultados (na súa impresión) satisfactorios, a vulgar polos comentarios do alumnado e o desenvolvemento das probas de avaliación. No curso 2015/16 actualizarase a documentación despois de que o novo regulamento sexa aprobado na Xunta de Centro; a este efecto xa tivo lugar unha xuntanza co profesorado do GLE en outubro de 2015.

Os procedementos para o recoñecemento e adaptación do estudantado son os correctos polo que o estudantado procedente de plans extinguidos e ciclos de formación profesional non refiren ningún problema relacionado con estes aspectos.

O recoñecemento de créditos por estudos previos está publicado na memoria da titulación. O regulamento de recoñecemento de créditos por actividades universitarias, culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e cooperación está publicado na páxina web da Vicerreitoría de Estudantes (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/normativa/).

CRITERIO 1:**Puntos febles detectados:**

- Excesiva burocratización na xestión das prácticas (8 documentos por alumno)
- Escaso contacto entre titores académicos/titores destino de prácticas
- Atomización excesiva na xestión das prácticas
- Ausencia de política sistemática de promoción do título (e dos outros títulos do centro) noutros países por parte da universidade
- Pequena parte do profesorado reticente ao uso de Faitic.
- Non se conseguiu un obxectivo desexable dende hai tempo (incluído xa no informe do curso pasado): nomear coordinador/a de curso. A causa hai que buscala na ausencia de recoñecemento en POD por parte da reitoría para este concepto.
- Igualmente, os recoñecementos ridículos outorgados dende a vicerreitoría para outras actividades académicas do profesorado como titorización de prácticas, titores PAT ou titores de TFG están detrás de ausencia de voluntarios e da desafección xeral por este tipo de tarefas. Como mostra sinalamos o recoñecemento de "unha hora e media" por cada catro alumnos titorizados en prácticas (téñase en conta que xa só en documentación, cada alumno xera 8 documentos diferentes para encher ao que hai que engadir todo o tempo que necesita a orientación da práctica, o contacto co titor de destino, a resolución de dúbidas puntuais do alumnado cos textos, etc.).

Accións de mellora a implantar:

- Simplificación na xestión das prácticas e mellora na súa informatización (esperables a partir da nova normativa de prácticas xeral da universidade e da posta en marcha da plataforma de xestión)
- Recordatorio a titores académicos para que incrementen o contacto cos titores de destino das prácticas.
- Suxestión ás autoridades académicas oportunas para que se deseñe unha política sistemática de promoción noutros países de títulos cun elevado compoñente interlingüístico e intercultural como o de Tradución e Interpretación, promovendo o intercambio de estudantes (e facilitando o recoñecemento de materias entre titulacións semellantes de diferentes países).
- Consegui que a totalidade do profesorado faga uso da plataforma de teledocencia Faitic (tanto no que respecta ás materias da súa responsabilidade coma nos espazos docentes relativos a prácticas de grao, TFG, PAT, etc.).
- Rematar a modificación do "Regulamento do Traballo de Fin de Grao da Facultade".

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluídos os plans de mellora
E3: Plan de ordenación docente do título
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E9: Normativas da universidade e a súa aplicación
E20: Información sobre os recursos materiais
E23: Convenios en vigor con centros para o desenvolvemento de prácticas académicas externas
E26: Informes de prácticas
E28: Informes de calificación das materias

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I1: Número de matriculados
I3: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I5: Evolución dos indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan nos programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados, ...)
I8a: Modalidade e estudo de acceso
I8c: Perfil de ingreso nos graos (Procedencia xeográfica)
I12: Evolución dos indicadores de resultados (estes datos facilitaranse de xeito global para o título e para cada unha das materias que compoñen o plan de estudos/título):

- Taxa de graduación
- Taxa de abandono
- Taxa de eficiencia
- Taxa de rendemento
- Taxa de éxito
- Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:**

A institución dispón de mecanismos para comunicar a maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantizan a súa calidade.

A páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/>) recolle información completa sobre todos os aspectos do título e as ligazóns relativas á información pública revisáronse e funcionan correctamente na data de redacción do informe. Nela aparecen claramente os responsables do título. A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

A información sobre o título é obxectiva e segue o recollido na memoria verificada do título (evidencias E1, E2, E3). A páxina web do centro recolle información suficiente e relevante sobre as titulacións (materias e guías docentes, profesorado, titorías, horarios, exames...) (evidencia E11).

No informe de seguimento do curso pasado 2013/14 mencionáronse varios ítems susceptibles de mellora; tal e como foi alegado no seu momento, os puntos febles eran responsabilidade do centro e non da titulación. Os ítems subsanados mediante o plan de mellora para o curso 2014/15 son os seguintes: o formato das pestanas da páxina web, as cores e a accesibilidade melloraron positivamente; as novidades presentadas en imaxes rotando na web van máis lentas; a táboa de horarios por cuadrimestre ofrece máis detalle para unha mellor interpretación por parte do alumnado (inclúese o código da materia e o nome da/do profesor/a que imparte a materia); o acceso á información do Plan de Acción Titorial (PAT) aparece directamente na sección "Información Académica"; os resultados e taxas académicas poden atoparse intuitivamente dentro da sección "Resultados de Aprendizaxe", dependente da sección de Calidade/SGIC; os documentos dispoñibles ofrecen a opción de verse en liña ou descargarlos; o plan de estudos da titulación (resume de dúas páxinas) ten unha ligazón directa dende a páxina principal. Ademais, na sección "Información Académica" ofrécese un enlace directo á sección "Estudos e Titulacións" da páxina web da Universidade.

Na revisión e actualización da páxina web do centro non se abordaron os seguintes ítems: considerouse que o documento "Liñas de investigación do Traballo de Fin de Grao" debe estar dispoñible no espazo de teledocencia da materia TFG de cada grao, e non na páxina web do centro; o apartado de lexislación non se modificou; a táboa de horarios por cuadrimestre mellorouse, pero os encabezamentos entre follas non foron incorporados.

CRITERIO 2:**Puntos febles detectados:****Accións de mellora a implantar:****Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E1: Memoria vixente do título
 E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluídos os plans de mellora
 E3: Plan de ordenación docente do título
 E11: Páxina web do título/centro/universidade
 E31: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida E15 Seguimento

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (cuestión relacionadas coa información publicada na páxina web do título/centro/universidade)

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

A nivel interno, os procedementos de consulta utilizados no curso 2014/15 contan co Sistema de Garantía Interno de Calidade do título como principal ferramenta. Os procedementos DE01 P1 (Planificación e desenvolvemento estratéxico) e DO-0102 (Seguimento e mellora das titulacións) velan para que haxa un adecuado retorno da información e están dispoñibles para consulta na páxina web do centro.

3.1.- O SGC contén os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas.

A Facultade ten un SGIC que foi certificado pola ACSUG e que recolle información de xeito continuo e permite avaliá-la para tomar decisións de mellora (evidencias E2, E5, E13). Este sistema pretende regulamentar o seguimento das accións relacionadas co control da calidade no centro. O órgano responsable do SGIC é a Comisión de Garantía Interna de Calidade, que cumpre a normativa vixente en canto á estrutura e composición. A renovación dos membros da comisión lévase a cabo periodicamente, dado que os seus integrantes varían cada curso. Durante o curso 2013-14 incorporáronse á Comisión os Directores dos Departamentos para mellorar a comunicación entre todos os órganos do Centro e recoller información sobre necesidades de persoal. Aínda que dende o centro se vela pola participación na comisión de representantes de todos os grupos de interese, a escasa implicación dos estudantes e dos egresados nos órganos de representación do centro foi sinalada pola comisión avaliadora da auditoría externa para a certificación do SGIC como unha non conformidade maior e puxéronse en práctica accións de mellora.

O alumnado do Centro ten á súa disposición un <http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/436-mc-xestion-da-calidade-e-mellora-continua>). protocolo de reclamacións tradicional, que consiste no rexistro dunha queixa ou suxestión na Secretaría do Decanato. Ademais, no curso 2013/14 habilitouse unha aplicación informática na páxina web do Centro que permite, despois dunha identificación, rexistrar queixas, suxestións e parabéns (QSP). Este procedemento seguiu habilitado no curso 2014/15, cun enlace directo dende a icona visible na nova páxina web da Facultade (<http://fft.webs.uvigo.es/>), e será o único empregado a partir do curso 2015/16. A información sobre a xestión das QSP está recollida na sección de Calidade/SGIC na páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/436-mc-xestion-da-calidade-e-mellora-continua>).

As enquisas de satisfacción elaboradas no curso 2014/15 incorporan un novo ítem que permite valorar a xestión do sistema de calidade no Centro. O grao de satisfacción é superior ao 50% tanto no alumnado coma no profesorado: 53,4% e 58,8% respectivamente. Sen máis detalle sobre o que se entende por sistema de calidade, podemos especular que a valoración máis baixa rexistrada no sector de estudantes pode estar relacionada coa falta de participación deste sector en órganos de goberno e co maior descoñecemento do sistema en xeral, como comentamos neste informe a continuación. A divulgación da importancia do SGIC é un dos obxectivos recurrentes nos plans de mellora do Centro.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introducción de modificacións do título.

No curso 2014/15, do mesmo xeito que en cursos anteriores, aplicáronse os procedementos de calidade relativos á avaliación e mellora da calidade da ensinanza e do profesorado (DO 0102, DO 0201, PM01) e analizáronse os resultados dos diferentes indicadores de calidade.

Tamén se aplicaron os procedementos referentes á mobilidade (DO 0205) e os referidos á satisfacción dos diferentes colectivos e aos criterios de extinción (MC05, PA03, PA04, DO 0103).

Detectouse unha implantación deficiente dos procedementos de recollida de información sobre a inserción laboral dos estudantes, mais a Universidade está a traballar institucionalmente para facilitar a recollida de datos sobre este

punto. (Ver Criterio 7.3)

Os procedementos de calidade do SGIC experimentaron durante o curso 2013/14 un proceso de modificación coordinado e dirixido pola Área de Calidade; xa durante o curso 2013/14 e a posteriori no curso 2014/15 se foron aplicando os procedementos pertinentes seguindo as directrices da Área de Calidade a este respecto no referente á súa vixencia.

Os plans de mellora elaborados polo centro recollen debidamente as recomendacións e accións a desenvolver derivados do proceso de verificación e seguimento. Estes están dispoñibles na páxina web do centro, na sección de Calidade/SGIC: <http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/447-plans-anuais-de-melloras>.

3.3.- O SGC implantado revísase periódicamente para analizar se é axeitado e, de ser o caso, establécense as melloras oportunas.

Durante o curso 2013/14 a Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución considerou necesario revisar os obxectivos de calidade, co fin de adecualos á situación actual do centro. O novo Manual de Calidade foi elaborado durante os cursos 2013/14 e 2014/15, de xeito que, baseándose nos criterios e requisitos establecidos para a determinación dos obxectivos de calidade do centro, redefiníronse os obxectivos de calidade existentes, así como as liñas de actuación e os indicadores que permitan desenvolvelos. O novo manual foi publicado en febreiro de 2015 e está dispoñible na sección de Calidade/SGIC da páxina web do centro (<http://fft.webs.uvigo.es/calidade-sigic-fft/category/416-2-manual-do-sgic>).

No curso 2014/15 modificouse o regulamento de Réximo Interno da Comisión de Calidade na Facultade de Filoloxía e Tradución (artigos 3 e 4), con cambios que veñen dados pola aprobación do novo manual de calidade. O novo regulamento foi aprobado pola Comisión de Calidade en maio de 2015.

O órgano responsable do SGIC é a Comisión de Calidade, que cumpre a normativa vixente en canto á estrutura e composición. A renovación dos membros da comisión lévase a cabo periodicamente, dado que as/os integrantes varían cada curso. En 2013/14 incorporáronse á Comisión os Directores dos Departamentos para mellorar a comunicación entre todos os órganos do Centro e recoller información sobre necesidades de persoal. No novo regulamento de réxime interno aprobado no curso 2014/15 introduciuse unha modificación na composición da comisión mediante a que se incorporan máis membros natos co fin de ter unha mellor representación dos sectores implicados en decisións.

Malia que o Centro vela pola participación na comisión de representantes de todos os grupos de interese, a escasa implicación do estudiantado e dos egresados nos órganos de representación fai que actualmente non existan representantes destes grupos de interese na Comisión de Calidade. Este problema foi sinalado pola comisión avaliadora da auditoría externa para a certificación do SGIC como unha non conformidade maior; en consecuencia, planificáronse varias accións de mellora que se recollen no plano de mellora correspondente a este criterio para o curso 2014/15.

Como medida adicional, no novo regulamento do réxime interno da Comisión de Calidade aprobado en maio de 2015 establécese que se non houber representación do alumnado na Xunta, a decana (presidenta desta comisión) pode nomear un/ha representante de estudantes para esta comisión. A Vicedecana de Calidade tamén propuxo que o alumnado sexa representante en calquera órgano, que non teña por que ser exclusivamente da Xunta de Facultade, como por exemplo, nos Consellos de Departamento, e así podería haber representación de cada un dos graos.

Durante o curso 2014/15 a Vicedecana de Calidade e as coordinadoras das titulacións do centro continuaron a observar unha falta de interese e/ou implicación do estudiantado no SGIC, e un escaso coñecemento do SGIC entre o alumnado e o profesorado. Seguiuse insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC mediante canles como o Plan de Acción Titorial (PAT) e as Xuntas de Facultade. Con todo, durante o curso 2014/15 non conseguimos

estudiantes voluntarios/as para participaren en órganos de goberno e decisión. Os obxectivos para o curso 2015/16 continúan a ser os mesmos: (i) sensibilizar o estudiantado sobre a necesidade de participar nos órganos de goberno e decisión do Centro a través de charlas informativas e orientación nas reunións celebradas co profesorado titor do PAT; (ii) nomear representantes de cada curso coa finalidade de conseguir que o estudiantado se afaga a representar e ser representado e motivalo a participar activamente nos órganos de decisión.

CRITERIO 3:

Puntos febles detectados:

- Escasa implicación de alumnado e profesorado no SGIC
- Escasa participación do alumnado nos órganos de decisión do centro (Xunta de Facultade, Comisión de Calidade...)

Accións de mellora a implantar:

- Continuar coa sensibilización de profesorado e alumnado (charlas informativas, titorías PAT, suxestións para que escollan representantes de alumnado por curso...) para que participen nos órganos de goberno e decisión do centro e em comisións varias (Comisión de Exteriores, Comisión de Calidade, Comisión de Validacións, Comisión de Extensión Cultural...)
- Campaña intensiva específica de captación previa á convocatoria de eleccións a membros de xunta de centro (charlas informativas e campaña a través de Faitic)
- Continuar divulgando entre as/os estudantes a importancia do SGIC e de participaren nas enquisas de satisfacción, a través das canles de difusión da información (lista fft, cartaces, pantalla de plasma), das reunións de coordinación e das xuntanzas do PAT.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E2: Informes de verificación, modificacións e informes de seguimento dos títulos, incluídos os plans de mellora
- E5: Documentación do SGC (evidencias da implantación dos diferentes procedementos recollidos no subcriterio 3.1.)
- E13: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

4.1.- Persoal académico. O título conta co profesorado suficiente e a súa cualificación é a axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que debe acadar o estudantado.

Consideramos que o grao de cumprimento relativo ao criterio "Recursos humanos" segue a ser conforme para o curso 2014-15, tal como aconteceu nos cursos anteriores. Iso si, o sistema de contratación da Universidade é manifestamente mellorable no que atinxe ós prazos. O feito de comezar o curso nunha data temperá no mes de setembro fai que non sempre estean resoltos os concursos de profesorado, circunstancia que impide un bo desenvolvemento da docencia dende o primeiro día.

A Área de Tradución e Interpretación é a maioritaria neste título. Os Departamentos de Filoloxía Galega e Latina, Lingua española e Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá tamén teñen docencia en 1º e 2º curso do título. Máis do 65% dos profesores que imparten docencia na titulación son doutores (evidencia E16). O profesorado axéitase, por formación ou experiencia profesional, ao requirido polo Plan de estudos. O profesorado que imparte docencia no grao pasou por oposicións ou concursos de méritos onde se xulgou a súa idoneidade para os perfís solicitados; ao tempo, moitos deles continuaron con actividades formativas (ex: 17 docentes da área en T&I participaron nun curso de memoQ, 22-23 outubro, 2014) (25% neste curso, fronte ao 20,63% do curso pasado > indicador I10) e mobilidade internacional (17,18% neste curso, fronte ao 12,69% do curso pasado > indicador I11) o que, por forza, debería redundar nunha mellora nas súas prácticas docentes (evidencia E17).

Porén, esta situación na que a inmensa maioría do profesorado está intensificado pode ser unha das causas (probablemente a principal) que explican o baixo nivel de satisfacción amosado polos alumnos nas enquisas (indicador I4a), con datos de satisfacción cos resultados por debaixo (2,71%) do que marcan os obxectivos de calidade (3,6) (evidencia E15). En todo caso consideramos que as enquisas deben ser analizadas con tino: é habitual que o alumnado que as enche é o que quere deixar constancia do seu malestar por algo e aqueles que non as realizan posiblemente están alomenos relativamente satisfeitos.

Os recortes orzamentarios e os novos criterios de intensificación da docencia (decreto Wert) afectaron moi negativamente ó desenvolvemento dos cursos, cun incremento considerable no número de horas/materias para gran parte do profesorado, que necesariamente conlevará unha menor atención a cada estudante. Cómpre insistir, como xa fixemos no informe do curso pasado, que non se trata dunha eiva do título ou da facultade senón dunha situación imposta fóra do noso control.

No curso 2013/14 o decanato do centro e a coordinación do título tiveron unha entrevista coa vicerreitora de Profesorado para transmitirle a súa preocupación por este problema, que leva a unha diminución evidente na calidade do grao. Como resultado desta reunión e, probablemente, da propia recomendación da Área de Apoio á Docencia e Calidade (indicaba no seu informe do 18 de maio de 2015: "Es cierto que los coordinadores de Grado no cuentan con reconocimiento específico que compense el trabajo y esfuerzo que realizan [...] se exige a la Universidad un mayor reconocimiento a dicha labor, que es imprescindible en los centros y títulos que han implementado un SGIC"), conseguíuse no curso 2013/14 un pequeno incremento no recoñecemento de tarefas (ex: títulos de prácticas (que pasaron dun recoñecemento de 15 minutos por alumno a un de 45) ou coordinadoras do grao e prácticas (que pasaron de 90 horas que recoñece a reitoría directamente por este concepto a 120 (a través da bolsa xeral de horas que distribúe o centro). Porén, a partir do curso 2014/15 houbo unha regresión e pasouse das 120 horas conseguidas, destinadas a coordinar grao e prácticas, a 90 (50 por coordinación de grao e 40 por coordinación de prácticas).

Para o curso 2015/16 o decanato do centro, a dirección do departamento e a coordinación do grao solicitarán unha nova reunión na vicerreitoría de Profesorado para transmitirle a preocupación do centro pola desmotivación xeral do profesorado, causada pola intensificación docente, o escaso recoñecemento doutras tarefas académicas adicionais á docencia e a sensación de que a reitoría aprobou o presente plan de estudos de T&I dunha forma irreflexiva (como se

deduce de que nas instrucións para a elaboración da PDA 2015/16 enviadas ao centro pola vicerreitoría de profesorado pedisen que se rebaixasen 1200 (mil duascentas) horas de docencia, que quedaron nun recorte de 240 horas despois da negociación).

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos/as de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a axeitada, tendo en conta as características do plan de estudos.

O título conta con persoal de apoio suficiente e cualificación axeitada (administrativo, persoal de secretaría de alumnado, conserxes, bolseiros de informática, bolseiros de colaboración no departamento) (evidencias E18, E19).

A finais de xuño de 2014 (curso 2013/14) producíronse dous cambios no equipo decanal do Centro que afectaron ao Vicedecanato de Organización Académica e ao Vicedecanato de Calidade. Os cambios comunicáronse en tempo e forma aos membros da Xunta de Facultade e seguiron a desempeñarse sen incidencias no curso 2014/15. Durante parte do curso 2014/15 a Decana desempeñou o seu cargo como "Decana en funcións", ante a ausencia de candidaturas no proceso electoral "Eleccións Decano/a na FFT". Igualmente, a ausencia de candidaturas derivou no nomeamento dun novo decano en funcións no último trimestre do 2015 (setembro-décembro). O 24 de novembro de 2015 terán lugar as eleccións para conformar o novo equipo decanal da Facultade, para o que xa hai unha candidatura.

Non se pode valorar a participación en plans de formación de persoal de apoio porque a información dispoñible non ofrece detalles por titulación, soamente por ámbito académico.

Non se pode valorar o grao de satisfacción do alumnado ou do profesorado sobre o persoal de apoio pois a enquisa elaborada no curso 2014/15 non inclúe ningún ítem referente a este criterio.

CRITERIO 4:

Puntos febles detectados:

- Rebaixa na calidade da docencia como resultado da aplicación do decreto Wert (intensificación nas horas de docencia do profesorado)

Accións de mellora a implantar:

- Transmitir ao equipo reitoral a preocupación do centro pola calidade docente, que se resinte cun profesorado sobrecargado de créditos, horas e materias (resultado da aplicación do decreto Wert). Conseguir un maior recoñecemento (desconto de horas en POD) para o profesorado que titorice PAT, prácticas ou TFG e que participe en comisións varias. Só cunha posta en valor do traballo do profesorado podemos esperar contar con voluntarios para ser coordinadores de curso, titores de prácticas, titores de PAT, membros de comisións varias da facultade, etc.

- Pedir a suspensión inmediata da aplicación do decreto Wert.

- Por outra banda, se cadra sería oportuno introducir algún factor de corrección que buscase un equilibrio entre as tarefas docentes/de xestión do profesorado dos distintos graos tendo en conta o número de alumnado de cada un.

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Enquisas de satisfacción

E16: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículum breve

E17: Plans de formación do profesorado

E18: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

E19: Plans de formación do persoal de apoio

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4a: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (cuestión relacionadas coa información publicada na páxina web do título/centro/universidade)

I10: Porcentaxe de participación en plans de formación de persoal académico e persoal de apoio

I11: Número total e porcentaxe de docentes que participan en programas de mobilidade

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición do estudiantado e o profesorado son suficientes e axeitados ás características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que debe acadar o estudiantado.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

A Facultade de Filoloxía e Tradución posúe as instalacións convenientes para un bo desenvolvemento da docencia (evidencia E20). Todos os anos o Decanato destina parte do orzamento da Facultade a mellorar as instalacións, tanto coa adquisición de novos recursos coma co mantemento dos existentes. En todo caso, poderíase mellorar o mantemento dos laboratorios e aulas de informática cos recursos xerais da Universidade.

Dende 2008, ano de aprobación da memoria, a Facultade fixo un investimento significativo na dotación de aulas de informática (unha aula máis) e de videoconferencia (unha aula máis). Tamén se habilitaron novas aulas para grupos pequenos de alumnado que permiten unha mellor impartición dos contidos formativos.

Dende o curso 2012-13 a Facultade conseguiu:

- Dotación dun novo laboratorio de interpretación no pavillón Newton (20 postos).
- Modificación da aula A8 para impartición de seminarios (mesas axeitadas).
- Traslado da aula de informática de libre acceso a unha ubicación máis axeitada.
- Mellor accesibilidade (reformas nos accesos aos pavillóns, ascensor, programa de refalado). O programa de refalado, xestionado no curso 2013/14, resulta un apoio imprescindible no presente curso para un alumno con discapacidade motora.

Os fondos da biblioteca da Facultade de Filoloxía e Tradución considéranse axeitados para as esixencias que leva consigo un grao coma este (evidencia E21). Pódense consultar aquí: http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=2235:ti7--recursos-materiais-e-servizos. Ademais, conta cun blog [<http://blogdabiblio.es/>] e con varios taboleiros no Pinterest de Bibliotecas da Uvigo [<http://www.pinterest.com/CenUVIGO/boards/>].

A plataforma de teledocencia Faitic tamén resulta unha ferramenta de gran utilidade para a docencia e case a práctica totalidade do profesorado fai uso dela; tamén son de utilidade blogs, páxinas web, videoconferencias, etc., cada vez cun maior uso na facultade (evidencia E22).

Pese a contar con instalacións e servizos que semellan suficientes (e en continua mellora), o alumnado segue a ter a percepción de que se necesita maior esforzo neste apartado (evidencia E15). Probablemente pode ter que ver coas limitacións que os laboratorios de interpretación teñen (20 postos), que en determinados momentos poden quedar escasos (especialmente se hai alumnos repetidores que necesitan tamén cabina). Outra causa desta baixa consideración (3,03% de media > indicador I4a) podémola atopar, se cadra, no servizo de cafetería; se ben o profesorado detecta unha mellora considerable con respecto a anos anteriores (levaba a concesión outra empresa) ao alumnado pode parecerlle caro en exceso (aínda que teñen prezos baixos e controlados pola propia universidade) ou desexar máis variedade en menús, no servizo de bar, etc.

XORNADAS DE BENVIDA DO CURSO ACADÉMICO: Tal e como se recoñece no informe de verificación do seguimento para o curso 2013/14, o conxunto de actividades de promoción da titulación e de acollida de alumnado é "amplio e coherente". Consideramos que esta avaliación pode aplicarse tamén ao curso 2014/15.

No que atinxe ás xornadas de benvida a comezos de curso, os actos organizados para o ano académico 2014/15 estaban dirixidos ao alumnado de 1º curso, e tiveron lugar os días 3 e 4 de setembro de 2014. No primeiro día, a decana do centro inaugurou o curso e presentou o equipo decanal. A continuación, o secretario da Facultade presentou a páxina web da Facultade ao alumnado. Seguidamente as/os coordinadoras/es dos graos presentaron cadanseu grao en reunións individuais para cada titulación. Despois desta presentación, a Vicedecana de Calidade do Centro explicou o Plan de Acción Titorial (PAT), coa asignación de titoras/es aos diferentes grupos de alumnado, e

seguidamente o alumnado reuniuse coas respectivas titoras/es do PAT nos lugares indicados. A primeira xornada rematou cunha sesión especial para o alumnado de Tradución e Interpretación sobre os horarios desta titulación, debido á súa complexidade na combinación de linguas. No segundo día de actos de benvida tivo lugar a presentación da Unidade de Igualdade, da Oficina de Relacións Internacionais, e das actividades culturais da Universidade. O Servizo de Biblioteca ofreceu unha visita guía polas instalacións da Facultade e da biblioteca e unha presentación do acceso web á biblioteca. Para concluír, o Servizo de Deportes da Universidade, da man do director de área do servizo, ofreceu unha visita ás instalacións do campus de Vigo.

Atendendo ás recomendacións do informe de seguimento do curso 2013/14, durante o proceso de preparación dos actos de benvida para o curso 2015/16 a Vicedecana de Calidade e as coordinadoras das titulacións do centro elaboraron un programa con actos para o alumnado de novo ingreso e tamén para o alumnado de continuidade (Comisión de Calidade 08/06/2015; xuntanza 07/07/2015). As xornadas tiveron lugar os días 3 e 4 de setembro de 2015. O primeiro día estivo dirixido ao alumnado de 1º curso seguindo a práctica do ano anterior: sesión inicial de inauguración do curso coa decana (en funcións nese momento), presentación do equipo decanal vixente nese momento, e presentación da páxina web e das infraestruturas do Centro por parte do Secretario da Facultade. O Secretario fixo especial fincapé na importancia da representación do alumnado nos equipos de goberno e decisión do Centro, informando con detalle das posibles comisións nas que poden ter representación. Seguidamente, a Vicedecana de Calidade presentou o Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade, explicando a incorporación do programa MEET-FFT para o 1º curso do Grao de Linguas Estranxeiras. A continuación, as coordinadoras dos graos presentaron cadansúa titulación en sesións individuais para cada grao. O primeiro día rematou cunha conferencia dunha profesora invitada. O segundo día, o alumnado de 1º curso do Grao de Tradución e Interpretación tivo unha sesión específica sobre a organización dos horarios nesta titulación. O resto dos actos estaban dirixidos ao alumnado de novo ingreso e de continuidade. Os actos incluíron a presentación do Servizo de Biblioteca da Facultade, do programa de Actividades Culturais da Universidade, do Centro de Linguas, e do Servizo de Deportes. Inda non temos indicadores para valorar o grao de satisfacción deste novo programa de benvida.

CRITERIO 5:

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Documentación do SGC sobre os servizos de atención ao estudante: documentación sobre o servizo de orientación académica e profesional (Plan de acción titorial); documentación que amose a aplicación dos programas de acollida e de apoio; documentación que evidencie a aplicación da normativa de accesibilidade universal e deseño para todos; documentación que evidencie a aplicación das normativas de seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento das mesmas polos axentes implicados

E15: enquisas de satisfacción

E20: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentales relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios vixentes coas entidades onde se realizan as prácticas externas

E26: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4a: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese (cuestión relacionadas coa información publicada na páxina web do título/centro/universidade)

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

6.1.- O estudantado ao finalizar o proceso formativo adquire as competencias previstas para o título.

En xeral, á vista dos resultados académicos entendemos que o estudantado adquire as competencias previstas para o título (evidencias E1, E2, E12, E28) ao finalizar o proceso formativo (taxa de eficiencia: 92,83%; taxa de éxito: 90,51% > indicador I12). A coordinación do grao fai unha revisión polo miúdo de tódalas guías docentes da titulación (evidencia E4), prestando especial interese a contidos e sistemas de avaliación. Cando detecta algún desaxuste réunese co profesorado encargado para introducir determinados cambios. Todo este proceso é controlado, finalmente, polo Vicedecanato de Calidade e a xunta de centro, responsable da aprobación das guías docentes (evidencia E27).

Os obxectivos do programa formativo adecúanse ao Marco Español de Cualificación para a Educación Superior (MECES), algo que tamén demostra a elevada mobilidade Erasmus e a validación da maior parte das materias (tanto de incoming como de outgoing Erasmus).

Continúase traballando arreo na coordinación entre materias e no seo da propia materia cando son varios os profesores que a teñen que impartir (por esixencias do POD que deben cumprir); a Coordinación do grao e o Vicedecanato de calidade recollen datos de PAT, dos propios alumnos, dos outros docentes, de queixas depositadas directamente en Decanato, dos informes que o alumnado entrega ao final das prácticas (D6 en evidencia E26 > Documentos prácticas D1 a D8), etc. (véxanse "accións da coordinación 2014/15 en evidencia E27). Todo isto deberá ser tido en conta de cara á unha posible revisión e mellora do plano de estudos (evidencia E14, E27). O contacto cos estudantes é continuado (reunións para falar de prácticas e TFG, espazo da coordinación do grao na plataforma de teledocencia FAITIC (desde outubro, 2013). Só houbo unha incidencia grave que tivo que ver con incumprimentos de obrigas docentes por parte dun profesor. A devandita incidencia foi atendida inmediatamente polo Decanato do centro e a Coordinación do grao e posta en coñecemento de autoridades superiores. Finalizou cun expediente disciplinar para o docente implicado, pero o proceso resultou excesivamente lento e frustrante para o alumnado, que non viu solucionadas a tempo as súas demandas (devolución dos cartos de matrícula da materia ou impartición da materia por parte doutro profesor ou posibilidade de cursala noutra universidade).

Na Facultade de Filoloxía e Tradución existe un protocolo de revisión das guías docentes das materias impartidas nas titulacións. En primeiro lugar, as coordinadoras de grao revisan cada unha das guías docentes da titulación e elaboran un informe sobre incidencias ou modificacións menores en relación aos parámetros documentados na memoria. En segundo lugar, a Vicedecana de Calidade revisa os informes das coordinadoras e as guías e elabora o seu propio informe. Seguidamente, as guías son aprobadas pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Centro.

No curso 2014/15 a Vicerreitoría incorporou cambios no deseño das guías docentes para o curso 2015/16 e na aplicación informática onde se introducen os datos, atendendo ás recomendacións recollidas nos informes de seguimento sobre a importancia de aportar evidencias da avaliación e adquisición de competencias (alén da adquisición e avaliación de coñecementos). Estableceuse unha nova sistemática de xeito que a guía docente da materia inclúe os seguintes epígrafes: 1. Competencias, 2. Resultados de Aprendizaxe, 3. Contidos, 4. Planificación Docente, 5. Metodoloxía, 6. Atención Personalizada, 7. Avaliación, 8. Bibliografía, 9. Recomendacións.

Os cambios máis destacables en relación aos cursos anteriores son:

- (1) Cambios na terminoloxía das competencias (xerais/específicas/básicas/transversais).
- (2) Os resultados de aprendizaxe deben relacionarse explicitamente coas competencias da materia que constan na memoria da titulación.
- (3) Debe indicarse o tipo de proba de avaliación, a porcentaxe que representa da nota final, e as competencias que son avaliadas en cada proba.
- (4) Debe garantirse que todas as materias seguen o sistema de avaliación continua, ao tempo que ofrecen alternativas para o alumnado que non pode asistir ás aulas con regularidade por motivos xustificadas.
- (5) Deben explicarse en detalle as diferenzas entre os tipos de avaliación (continua/única), as diferenzas entre a primeira e a segunda convocatoria de avaliación, e as condicións para re-examinarse da materia no caso de ser suspendida.
- (6) Para a elaboración das guías do curso 2015/16, a Vicedecana de Calidade propuxo unha serie de recomendacións, que a coordinadora da titulación transmitiu ás/aos docentes e que comprobou durante o proceso de revisión: debe

indicarse a data aproximada das probas de avaliación; as materias de lingua instrumental deben indicar o nivel de competencias adquirido; deixa de recomendarse a obrigatoriedade de asistir ao 80% das clases para poder acollerse ao sistema de avaliación continua; é recomendable incorporar un aviso sobre as implicacións de cometer plaxio; é recomendable promover o uso dos recursos do Servizo de Biblioteca e de teledocencia.

Con todo, a perspectiva que nos dan varios anos de implantación do plan de estudos fai que sexa necesaria xa unha revisión do mesmo, coas modificacións oportunas. A colleita de datos á que nos referimos no parágrafo anterior aconsella traballar nas seguintes direccións:

- Compre engadir máis créditos de tradución inversa para axustármonos mellor a necesidades de mercado.
- Cómpre modificar as metodoloxías docentes das linguas estranxeiras (cambiar o enfoque eminentemente gramatical e escrito por un enfoque oral, con maior insistencia na perspectiva cultural).
- Compre reestruturar o espazo cronolóxico dalgunha materia: materias como Documentación e as de iniciación á tradución (Trad. idioma 1/1, Trad. idioma 2/1), chave para o desenvolvemento axeitado das materias de terceiro e cuarto (téñase en conta que a maioría de alumnos participan en segundo en programas de intercambio), deberían impartirse en primeiro curso.

CRITERIO 6:

Puntos febles detectados:

- Resistencia dun número menor de profesorado a darlle a importancia debida á guía docente e ao uso de faitic como ferramenta didáctica de gran importancia.
- Resistencia de parte dalgúns profesores a accións de coordinación (que en ocasións é visto como control excesivo da Coordinación/Vicedecanato de Calidade e atentado á liberdade de cátedra).
- Lentitude nos mecanismos de resolución de queixas graves

Accións de mellora a implantar:

- Insistir na importancia das guías docentes como contratos que deben ser respectados tanto polos docentes como polo alumnado.
- Esforzarse por transmitir a todo o profesorado a necesidade de coordinar contidos, obxectivos, guías docentes, etc. para acadar unha docencia de calidade.
- Revisión (se procede) do plan de estudos.
- Posta en coñecemento das autoridades académicas do prexuízo causado ao alumnado se as queixas tardan un ano académico (ou máis) en seren resoltas. Malia que expedientes informativos e disciplinares que impliquen a un docente esixen a debida cautela, a problemática que afecta ao alumnado debe ser resolta por outra vía de xeito moito máis rápido
- Continuar recordando aos titores PAT que insistan na importancia das enquisas cos seus titorandos e na súa participación activa na vida da facultade.

Evidencias nas que se se baseou la valoración:

- E1: Memoria vixente do título
- E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plans de mellora
- E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
- E12: Informes públicos sobre resultados do título (cómo estes téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos)
- E14: Plans e seguimento das acción de mellora
- E27: Mecanismos utilizados para a análise dos resultados de aprendizaxe

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO:

Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfan as demandas sociais do seu entorno.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

A evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico mantívose constante dende 2009 (116 matriculados de novo ingreso) ata 2015 (136 matriculados de novo ingreso), con picos de ata 141 estudantes de novo ingreso no curso académico 2012-2013 (indicador I2). Sempre se cubriron tódalas prazas ofertadas, agás na combinación francés-galego.

No curso 2013/14, ofertáronse 120 prazas de novo ingreso e houbo 120 alumnos preinscritos como primeira opción; no 2014/15, ofertáronse 180 prazas e houbo 170 alumnos preinscritos en primeira opción (indicador I3).

Asimesmo, os indicadores do título evolucionan de xeito favorable (indicador I12):

- A taxa de graduación aumentou do 63,79% en 2013-2014 ao 84,96% en 2014-2015.
- A taxa de abandono sitúase nunha media do 3,88%. Porén, no curso 2013/14 foi dun 6,62% e no 2014/15 dun 9,86%.
- As taxas de eficiencia e éxito continúan altas: 92,83% e 90,51% respectivamente.

A vitalidade do título queda tamén demostrada polo elevado número de alumnado matriculado (558 no curso 2014/15 > indicador I1).

7.2.- Os índices de satisfacción do estudantado, do profesorado, das persoas egresadas y de outros grupos de interés son axeitados.

Se reflexionamos sobre o histórico das enquisas de satisfacción (indicador I4b, evidencia E15) podemos obter resultados interesantes e que subliñan o que xa comentamos nos puntos 3.2. e 4.1. do presente informe: o decreto Wert cunha intensificación docente brutal que obriga a moitos profesores a dar ata 6 materias por curso e o excesivo partillamento dalgunhas materias (derivado da obrigatoriedade de que os profesores cumpran os seus POD por completo) leva a unha docencia máis precaria, con perda notoria de calidade. Isto explicaría por que nos cursos 2010/11, 2011/12 e 2012/13 as enquisas de satisfacción do alumnado son de 4 puntos, 4, 14 e 4,12 respectivamente mentres que nos cursos 2013/14 e 2014/15 baixan a uns preocupantes 3,90 e 2,53 respectivamente. O mesmo acontece se avaliamos a satisfacción do profesorado: pasamos de valores altos (cun máximo de 5,68 no 2011/12) ao valor mínimo de toda a serie no curso 2014/15 (3,27).

Con todo, este estado de cousas non semella ser único do grao en Tradución e Interpretación, se comparamos a media da avaliación docente desta titulación (3,94%) coa media xeral das titulacións da universidade (3,73%), sendo incluso o valor do noso grao lixeiramente máis alto (indicador I17).

Certamente, o plano de estudos (evidencias E1, E2) debería introducir algunhas modificacións (máis peso de tradución inversa, por exemplo), pero cremos que só se conseguirá unha maior satisfacción entre o alumnado se conta con profesores que poidan dedicarse a menos materias, que vexan recoñecido o seu labor en múltiples tarefas académicas adicionais (titorización de TFG, de prácticas; participación en comisións, etc.). En definitiva, que dispoñan de máis tempo para preparación e actualización de materiais docentes e atendimento e orientación ao alumnado.

As accións de mellora (evidencia E14) propostas no curso anterior continúan a ter vixencia para o futuro:

1. Hai que mellorar a difusión dos obxectivos do plan de estudos, pero non só limitándonos a que estea na páxina web da facultade (apartado de información pública). Todo o profesorado e cargos académicos da facultade deben facer un esforzo para que o alumnado entenda os obxectivos do grao (por conseguinte, do plano de estudos). Moitos parten de ideas erradas como que cursar o grao lles servirá para dominar a(s) lingua(s) impartidas nas súas

vertentes oral e escrita. O grao en Tradución e Interpretación presupón a entrada de alumnado con nivel alto de linguas e enténdese que a docencia (só 48 presenciais por materia) non será suficiente para incrementar moito a súa aprendizaxe. O que se dá nas clases debe ser o punto de partida para que o alumnado traballe pola súa conta (non esquezamos que no sistema ECTS se supón que o alumno dedicará á materia outras 102 horas de traballo autónomo. O propio plano de estudos quere contribuír ao aprendizaxe lingüístico do alumnado cando contempla a mobilidade a países estranxeiros no segundo curso.

2. Hai que seguir traballando nos procedementos de captación de estudantes (hai un plano aprobado pola Comisión de Calidade): visitas a institutos, recepción de alumnado de bacharelato na facultade, envío de vídeos informativos aos centros (preparados polo SIOPE no momento actual), etc.

3. Hai que continuar mellorando nos sistemas de avaliación e sistema de calidade docente de cada materia. Dende a Coordinación e o Vicedecanato de Calidade estase a facer un esforzo importante neste aspecto cunha revisión polo miúdo de guías docentes e reunións co profesorado cando se detecta algunha disfunción. Outra cousa é que sexa doado vencer as inercias e convencer a moitos profesores de que deben reorientar algúns puntos (coa liberdade de cátedra topamos).

4. Nos últimos anos houbo unha mellora importante nos procedementos de recollida de queixas e suxestións. No curso 2014-2015 rexistráronse 15 queixas e actuouse en todas elas, resolvéndose a maioría. Na actualidade os alumnos teñen á súa disposición diferentes vías de recollida:

- Rexistro no decanato do centro (protocolo tradicional).
- Rexistro na aplicación informática da páxina web da facultade.
- Recurso a titores PAT e/ou á Coordinación do grao.

Este traballo a prol de facilitarlles a transmisión de queixas/suxestións deu resultados salientables: varios profesores emendaron actitudes pouco académicas (relaxación na asistencia titorial, pouco respecto ás súas propias guías docentes, reorientación de contidos segundo as recomendacións das coordinadoras do grao, etc.); outros decidiron deixar a docencia (algúns profesores asociados) ou foron obxecto dun expediente disciplinar (o caso máis grave). Por conseguinte, os esforzos dedicados a escoitar ao alumnado demostraron a súa operatividade.

5. O alumnado continúa dando baixa puntuación (3,03 > indicador I4a) a recursos e servizos, que paradoxalmente están sendo sempre mellorados (véxase apartado 5.1 do presente informe). A lectura que facemos deste dato apunta a dúas causas posibles: limitación nos laboratorios de interpretación (20 postos, ás veces escasos especialmente se hai alumnado repetidor) e servizo de cafetería (que mellorou coa nova concesión aínda que moitos alumnos continúan a referir que é caro en exceso, malia ter prezos controlados pola propia universidade, e que desexarían máis variedade en menús e no servizo de bar).

7.3.- Os valores de inserción laboral das persoas egresadas da titulación son axeitados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Os graduados en T&I contan cunha primeira saída laboral orientada á práctica das dúas destrezas recollidas no propio nome do título, que teñen á súa vez segmentacións internas que conducen a unha tipoloxía moi variada: tradución xurídica, científico-técnica, literaria, audiovisual, interpretación (cun elevado número de créditos (57), moi por encima do número obrigatorio (18)), accesibilidade... Pero ao mesmo tempo, tamén os graduados en T&I teñen outro importante nicho de traballo na docencia de linguas e no sector servizos (secretariado bilingüe, recepción de hoteis, vendas internacionais...). A situación xeográfica da Universidade de Vigo, a única no sistema universitario galego e no noroeste peninsular que ofrece estudos de T&I supón un atractivo engadido para toda a súa zona de influencia (como o demostra a existencia de alumnado de Asturias, Castela e León e mesmo Andalucía > indicador I8c), incluíndo Portugal, país do que a Facultade de Filoloxía e Tradución recibe alumnado especialmente nos posgraos. Ao mesmo tempo, é a única de todo o estado español que inclúe o galego nas súas combinacións lingüísticas.

Por outra banda, o interese científico e académico do título parece avalado polas numerosas publicacións do profesorado que nel imparte docencia e toda a gurgullante actividade xerada arredor: congresos, seminarios,

participación en proxectos de investigación nacionais e internacionais, programas de doutoramento, teses, establecemento de relacións académicas con outras universidades, programas de intercambio de alumnado (Erasmus, ISEP, Séneca...) (<http://deptraling.webs.uvigo.es/index.php>).

Sobre a inserción laboral non hai datos. A ACSUG está a traballar neste tema e a Área de Calidade da Uvigo prepara unha enquisa sobre inserción que servirá, cando estiver feita, para avaliar os datos dos últimos tres anos.

CRITERIO 7:

Puntos febles detectados:

- Intensificación horaria do profesorado como unha das causas principais na mingua da calidade docente.
- Número escaso de materias de tradución/interpretación inversa.
- Enfoque excesivamente gramatical de materias de lingua (necesidade dun enfoque máis oral e dunha perspectiva cultural).
- Parte do profesorado centrado só en tarefas de docencia das materias e falta de interese por outras tarefas académicas (participacións en comisións, titorías de prácticas e PAT, etc.). O mesmo aplicable a gran maioría do alumnado.
- Expectativas erradas de moitos alumnos sobre os obxectivos, contidos e competencias do grao.
- Ausencia de datos sobre inserción laboral de egresados, que poida orientar modificacións no plan de estudos.

Accións de mellora a implantar:

- Transmitir á vicerreitoría de profesorado esta preocupación buscando unha redución no número de horas/materias asignadas a cada profesor e un reparto máis equilibrado da docencia entre profesorado (atendendo tamén ao número de alumnado por titulación).
- Revisar e modificar (se procede) o plan de estudos.
- Facer pedagogía entre o profesorado e o alumnado da importancia da participación na vida académica (comisións, titorías...).
- Mellorar a difusión dos obxectivos do plan de estudos e insistir na necesidade do traballo autónomo para acadar os resultados previstos no devandito plan.
- Continuar traballando nos sistemas de captación de alumnado (visitas a institutos, recepción de institutos na facultade e vídeos informativos).
- Preparación de enquisas sobre inserción laboral e plano integral de seguimento de egresados.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificacións e seguimento do título, incluíndo os plans de mellora

E14: Plans e seguimento das accións de mellora (en concreto, accións de mellora realizadas a partir dos resultados obtidos en todos os indicadores)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I1: Número matriculados

I2: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I3: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I12: Evolución dos indicadores de resultados (estes datos facilitaranse de xeito global para o título e para cada unha das materias que compoñen o plan de estudos/título):

- Taxa de graduación
- Taxa de abandono
- Taxa de eficiencia
- Taxa de rendemento
- Taxa de éxito
- Taxa de avaliación

I4a: Enquisas grao de satisfacción

I4b: Enquisas grao de participación

I8c: Perfil de ingreso nos graos (Procedencia xeográfica)